

ARTE

O surrealismo nocturno de Cruzeiro Seixas

En plena recesión salazarista, un grupo de estudantes de Arte reuníase cada tarde no daquela café Herminius de Lisboa para, entre outras cuestións, debater e defende-los ideais surrealistas, que noutros países do seu contorno xa estaban plenamente aceptados.

Entre aqueles mozos figuraban poetas como Mário Cesariny ou o debuxante, pintor e poeta Cruzeiro Seixas (Amadora, 1920) militante acérrimo deste movemento que prima a liberdade, que enxalza a ruptura coa tradición e que idealiza a contracultura.

A ampla exposición dedicada a este lusitano pola Fundación Granell no compostelán pazo de Bendaña, ten como orixe aquela xuventude, a finais da década dos 30, nos que o artista tenteaba aínda outras correntes artísticas próximas ó neorrealismo ou ó expresionismo.

Dende que, dez anos despois, Seixas encontrase o seu camiño e se entregase ó surrealismo, non se vai afastar dos seus ideais salvo no período comprendido desde 1956 a 1969, anos nos que investigará a colaxe a través de formas recortadas en figuras xeométricas de forte colorido, próximas á abstracción.

No caso de *J'aime une fleur* de 1955, unha colaxe moi próxima á obra de Redón "Quizais a natureza proba primeiro os ollos nas flores", que representa o rostro de muller e á vez o contorno africano. Son vivencias extraídas do recordo dese continente que tanto o marcou. A súa estadia en Angola durante máis de dez anos permitiulle descubrir os seus ritmos étnicos, captar as súas coordenadas artísticas e comprender determinados trazos signíficos propios das culturas primitivas, que influirían decisivamente en parte da súa obra.

Cruzeiro Seixas séntese cómodo experimentando co pequeno formato. O seu soporte preferido é o papel; sérvenlle tanto follas de libreta como anacos ou partes dalgún documento; todos eles son a base sobre a que desprega uns motivos iconográficos vinculados a certas fuxidas románticas, no sentido de que tanto a paixón

amorosa, como a loucura e as paisaxes nocturnas onde se aloxa algún escarpe montañoso son os seus escenarios habituais.

Como todo surrealista, é un fabricante de soños, moitos inspirados nunha fecunda obra poética. Horizontes baixos adoitan deixar fondos que se elevan á infinitude cósmica. Signos estelares e lúas son arrebatadas a intensas noites; o nocturno non é un período para a pasividade ou o descanso, senón que é xerador activo, é a forza xerminadora do mundo. Seres híbridos abertos a outras formas, en ocasións agochan certo sentimento trágico da existencia. Moitos corpos son atravesados por afiadas espadas, coitelos ou outras armas que traspasan corpos humanos, cal metáfora da dor, que é unha constante no ser humano. Esta visión cruel, case sádica, é frecuente na literatura de Lautréamont ou Sade.

Nalgunhas obras de Seixas, como noutros autores, non basta con traspasar as entrañas do corpo humano, tamén se decapitan membros e reproducense estraños rituais destructivos. Así ocorreu, por exemplo, nas cabezas decapitadas por Maruja Ma-

llo. Ampútase todo, brazos, mans, pernas, recordando a obsesión lorquiana por despregar membros seccionados.

En *A noite sem fin* aparecen as distintas fases lunares incidindo sobre o humano, propiciatorias ó *ars amandi*. Como nun soño, non se aman dúas figuras senón só dúas cinturas. A lúa representa a feminidade, relacionada coa muller; é etérea, elemento e inspiración de poetas. Prima o sentimento; os corpos ó ascender perden consistencia sendo case ás buscando un ideal. Elementos tan opostos como o macabro de órganos cortados conviven coa beleza moribunda dunha lúa esvarando como unha daquelas barcas de pesca de Dalí. O sinuoso e o turbio das melenas ó vento contrasta co punzante pero tremendamente decorativo.

Eugenio Granell sentía admiración pola súa obra e desespérase —antes de ser aceptada no mundo enteiro— pola escasa repercusión internacional que tiña a pintura do autor luso. Hoxe estaría moi satisfeito ó presenciala precisamente no museo que leva o seu nome.

Fátima Otero



Detalle da exposición de Cruzeiro Seixas, na Fundación Granell no compostelán pazo de Bendaña

CINE

Orixinalidade fría

O azar xoga un papel importante nas vidas. Sucesos determinantes na historia persoal e colectiva ocorren moitas veces por un detalle, unha coincidencia, algo inesperado ou inxustificable que aparece, non dá vido, sorprende, sucede e cambia un rumbo, paraliza un proxecto, esfarea unha esperanza, tronza unha vida. Enganchado probablemente a esta evidencia, Juan Carlos Fresnadillo, estimulado polo éxito que logrou a súa curtametraxe (*Esposados* 1966) a piques de recibir un Oscar, crea unha película (*Intacto*) ben surtida de medios que xira arredor das persoas con boa sorte e como a boa estrela, a través do contacto físico, se pode roubar e perder transformando a fortuna en desgracia.

É unha película curiosa, estraña, interesante en primeiro, decepcionante na media en que avanza. Atráe inicialmente porque a estrutura de quebracabezas, o trezado racional e meticuloso do guión e dos planos tira da curiosidade, pero en canto as reviravoltas da trama se acentúan a intriga perde tensión, os personaxes deixan de respirar, todo se converte nun malabarismo con pretensións ata que o baleiro se apodera do conxunto. Dá a impresión de que Fresnadillo se vende á idea de orixinalidade e ó xogo técnico esquecendo que nada resulta máis crible e emocionante que un argumento sinxelo e ben fiado, por moita fonda que se busque.

Non carece este autor de atrevemento, habilidades técnicas e bos actores. A idea da que parte non se rende ás vulgaridades de éxito doado (sexo, violencia e acción), xoga sen timidez con varios xéneros a un tempo (vai do thriller ó drama, do policial á ciencia-ficción con sutura), mostra paisaxes turbadores, domina a luz e o trezado das escenas e dirixe con corrección ós actores. Pero o conxunto atasca nunha frialdade desconcertante, a racionalidade matemática encaixa mal coa tenrura e a emoción, os pinchacarneiros argumentais fan estala-la fluidez do narrado e mesmo Max Von Sydow, actor que sempre impacta coa súa presenza, parece ó remate perdido, sen sentido, falto dunha sorte que tamén a el lle rouban.

Porque iso é en definitiva o que sucede, que a Fresnadillo roubanlle a sorte, queda tocado do infortunio e un filme que prometía ten que se conformar nunha orixinalidade fría e desconcertante. Haberá que estar pendentes dos seus novos proxectos xa que manifesta inquietude estética e intelectual. E iso si, non perdan a boca de Leonardo Sbaraglia: é unha cullerada de luz.

Miguel Suárez Abel

A Caixa galega do século XXI

caixanova

